

*Modesto Hermida*

O escritor ourensán Francisco Alvarez de Novoa non só resulta ben coñecido como narrador en galego, pola súa colección de relatos titulada *Pé das Burgas*<sup>1</sup>, senón que tamén ten sido xustamente valorado como autor da mesma. Sen embargo, ademais do mencionado libro de relatos, existe outra súa colección, obra moi pouco coñecida, á que teñen feito referencia, de modo un tanto confuso e con presunto descoñecemento, varios estudiosos da nosa literatura: Antonio Couceiro Freijomil<sup>2</sup>, información que non matizará nin ampliará Ricardo Carballo Calero<sup>3</sup>, fai mención dun suposto libro titulado *Paisaxes*, un libro que sitúa ben no tempo, ano 1894, do que dá correcta noticia en relación ó medio xornalístico no que foi publicado, o folletín de *El Derecho* de Ourense, sobre o que acerta na indicación xenérica dos contidos, descripcións en prosa galega, pero sen conseguir axustarse con precisión ó título desta colección de relatos. Benito Varela Jácome, malia que moi escuetamente, xa se refería tamén a esta obra na súa *Historia de la literatura gallega*<sup>4</sup>; como diferencia cos estudiosos anteditos, co que conleva de pequeno matiz diferencial sen que supoña clarificación algunha, o título que utiliza é *Paisaxe*.

Xa noutra circunstancia e para outras utilidades, Xosé Luís Méndez Ferrín, no artigo titulado «Luz de lámpada rosa. Introducción a Alvarez de Novoa»<sup>5</sup>, cando fai referencia a esta descoñecida obra de Alvarez de Novoa, indica que

Carballo Calero acrecenta que foi tamén alí –en *El Derecho*– onde viron a luz as súas «Paisaxes» en prosa, textos que descoñecemos, desde 1894.

---

(\*) Tempo despois de termos recibido este artigo na redacción do *BGL* chega ás nosas mans a edición desta obra a cargo de Jorge Martínez Jiménez (Sada-A Coruña: Edicións do Castro 1993).

1. A Coruña, número 44 da Biblioteca Gallega de Martínez Salazar, 1896. Edición de Valentín Arias e Méndez Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1988. Carballo Calero, na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, seguramente por un erro de imprenta, ten datado este libro no ano 1899.

2. En *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Vol. I, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951.

3. En *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981<sup>3</sup>.

4. Santiago de Compostela: Porto e Cia., 1951.

5. Este texto é co que Méndez Ferrín introduce *Pé das Burgas* na edición citada.

E aínda insiste Méndez Ferrín en que

A única prosa que co nome de «Paisaxes» chegou ao noso coñecemento é a que recolleemos neste libro e está publicada en *Galicia, revista regional*, en setembro de 1892.

É o caso que a obra de referencia non pode ser outra que o libro titulado *Beira o Barbaña (Paisaxes)*, publicado, efectivamente, en folletín de *El Derecho* de Ourense, entre o 18 de abril e o 23 de maio de 1894.

Esta colección de textos narrativos de Alvarez de Novoa, a primeira obra en prosa galega das que lle coñecemos ó autor, resulta en todo semellante á que, con dous anos de posterioridade, levaría por título *Pé das Burgas*. Se en algo se distinguen estas coleccións, fundamentadas ámbalas dúas na descripción paisaxística, tan só pode ser na aínda menor concesión ó costumismo que se observa na que primeiro viu a luz, na máis nítida insistencia paisaxística que se proxecta nesta mesma.

As pezas que compoñen a pouco coñecida e primeira obra narrativa do prosista ourensán, segundo orde de aparición no folletín de *El Derecho*, son as seguintes: «O espertar», «N-a Torre d'Ercules», «N-o Solaz», «N-o Mandeo», «N-a Campaza», «N-a ponte dos Coros», «Pontevedra», «Baixo unha caracocha (Mariña de Betanzos)», «Galicia» e «A unha muller». Once textos breves, como se pode observar, que significan outras tantas subxectivas impresións; unhas impresións provocadas dende a paisaxe rural ou urbana, dende íntimas e evocadoras vivencias, dende a motivadora afectividade que se proxecta sobre a individualidade feminina.

De entre todos estes relatos, tan só dous, e por diversas razóns, merecen algunha erudita indicación: A publicación do que leva por título «N-o Mandeo», sen que poidamos aventurar outra explicación que non sexa o lapsus de imprenta, foi repetida no mesmo folletín de *El Derecho*, pois, en entregas sucesivas, aparece os días 28 e 30 de abril do citado ano 1894. Aquel que no folletín leva por título «Baixo unha caracocha (Mariña de Betanzos)», pero que para estoutra ocasión leva por título «Paisaxe», aparece por primeira vez, no ano 1892, na revista *Galicia*<sup>6</sup> de Martínez Salazar e xa reproducido, no ano 1909, no xornal *El Eco de Galicia* de Buenos Aires; con título idéntico ó da publicación feita no mencionada folletín, con indicación a pé de páxina de corresponder ó libro *Beira o Barbaña*, foi reproducido este relato na revista *As burgas*<sup>7</sup> de Ourense, unha revista na que colaborou con certa asiduidade F. Alvarez de Novoa.

Modesto Hermida  
Universidade de Santiago de Compostela

---

6. Número 3 da 2ª época. Desta publicación periódica foi de onde o exhumaron Valentín Arias e Méndez Ferrín para o incluíren na súa edición.

7. 27 de xaneiro de 1895.